



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2022/G003/000296

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Prazas vacantes na Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón Curso 2022/2023

EXPEDIENTE: [2022/S004/000001](#)

ANTECEDENTES:

Segundo o Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón, no seu artigo 3, punto 3.9, recolle que unha vez estudadas pola comisión todas as reclamacións presentadas e resoltas procederá a publicación da relación definitiva de admitidos/as e da listaxe de agarda no taboleiro do concello e no da EIM Raíña Lupa, coa puntuación obtida.

11/04/2022. Publicouse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, na EIM Raíña Lupa e na páxina web www.boqueixon.es a lista provisional de admitidos e non producíndose no prazo estipulado ningunha reclamación.

26/04/2022. Elevouse a definitiva a listaxe provisional de admitidos na EIM Raíña Lupa, estipulando un prazo de 15 días hábiles para formalización de matrícula.

Transcorrido dito prazo de formalización da matrícula a través das canles estipuladas ao efecto, a EIM Raíña Lupa de Boqueixón dispón de **catorce prazas vacantes** que se poñen a disposición dos interesados.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, ECONÓMICAS E XURÍDICAS

Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Poñer a disposición dos interesados as catorce prazas vacantes na EIM Raíña Lupa de Boqueixón.

SEGUNDO. Para acceder a ditas prazas deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento de Réxime interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón; a selección das solicitudes efectuarase en función do establecido no artigo 3 e concordantes do Regulamento de réxime interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón (BOP núm. 221 do 21 de novembro de 2017).

TERCEIRO. Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello e na EIM Raíña Lupa de Boqueixón e na páxina web www.boqueixon.es, para o coñecemento dos interesados.

Na publicación farase constar que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderá interpoñer contra esta resolución un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2022/G003/000296

dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.

CUARTO. Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Manuel Fernández Munín, alcalde

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor